



PLAN DIXITAL

C.E.I.P Plurilingüe de Frións

Versión 1.0_ xuño 2022

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Denominación: CEIP Plurilingüe de Frións

Código de centro: 15021731

Número de Identificación Fiscal (NIF): Q6555211-I

Dirección: Lugar de Frións s/n. C.P. 15967 Carreira - Ribeira (A Coruña)

Teléfono: 881 867 027

Correo electrónico: ceip.frions@edu.xunta.gal

Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipfrions/>

Aula Virtual (AV): <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipfrions/aulavirtual/>

Persoal docente: 25 docentes, 1 auxiliar técnica educativa e 1 auxiliar de conversa

Matrícula: 209 alumnos e alumnas

Unidades: 3 aulas de Educación Infantil e 9 aulas de Educación Primaria

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O CEIP Plurilingüe de Frións está situado nunha contorna cunha alta riqueza a nivel de flora e fauna. Próximos ao centro atópanse, entre outros ecosistemas de alto valor, o Parque Natural de Corrubedo e Lagoas de Carregal e Vixán e o Parque Nacional das Illas Atlánticas.

Polo que respecta ao plano socioeconómico, o concello de Ribeira caracterízase por un alto grao de industrialización e peso empresarial o que o sitúan como o concello da ría de Arousa coa renda máis alta, ocupando o posto vinte e un a nivel autonómico¹. En canto á poboación, con 26.848 persoas atópase no posto dezaseis dos concellos máis poboados de Galicia².

Partindo deste contexto, o plan dixital pretende por unha banda, dar estrutura a todas aquelas actividades encamiñadas a elevar a competencia dixital da nosa comunidade educativa e, por outra banda, dar soporte ao proceso de ensinanza e aprendizaxe e potenciar a consecución dos obxectivos do centro. Nesta liña, partindo do respecto á identidade do centro, ao modelo pedagóxico que nos define e en harmonía cos demais plans e proxectos que levamos a cabo, o plan dixital ten como finalidade última aumentar a eficacia dos procesos educativos, administrativos e de relación coa comunidade.

1 Fonte: Agencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) 2019

2 Fonte: Instituto Nacional de Estadística (INE) 2021

1.3. Breve xustificación do mesmo

- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.
- Resolución do 7 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se seleccionan, con carácter experimental, os centros docentes públicos que constituirán a Rede Galega de Educación Dixital, para o curso 2021-2022.

1.4. Proceso de elaboración

Este plan foi elaborado polo Equipo de Dinamización do Plan Dixital seguindo as instrucións proporcionadas polo Equipo de Apoio Dixital da zona de Ribeira (ADIX Ribeira).

Para a súa elaboración comezamos realizando a enquisa de autoavaliación SELFIE e o test de competencia dixital docente (TCDD). Coa información obtida e logo de varias análises da mesma, identificamos as debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades (DAFO) a nivel interno e externo, que nos levaron a deseñar un plan de acción que constitúe un apartado esencial na elaboración final do plan dixital.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Polo que respecta á infraestrutura dixital do centro, contamos con infraestrutura de voz e de datos, con conexión sen fíos a internet en todas as aulas e acceso á intranet educativa do centro.

Dispoñemos dunha aula de informática con equipo para o profesorado e proxector, dúas tabletas dixitais e seis ordenadores portátiles de uso común. O resto de aulas contan cun ordenador e un proxector. Con todo, non todas as aulas teñen posibilidade de interacción xa que carecen de encerado dixital interactivo. En total son once as aulas que non dispoñen de encerado dixital interactivo: 3º, 4ºA, 4ºB, 6ºA, PT1, PT2, AL, biblioteca, ximnasio, relixión e sala de mestres. A isto hai que engadir que en dúas aulas de Infantil os encerados están estragados e non funcionan. Na sala de mestres e mestras contamos con dous equipos de uso común e con tres na biblioteca.

Temos equipos de uso exclusivamente administrativo na biblioteca, na secretaría, na xefatura de estudos, na dirección e no departamento de orientación.

Contamos con páxina web, aula virtual baixo Moodle 3.x, blog de infantil e de biblioteca, unha galería Coppermine con capacidades multimedia e perfil en dúas das redes sociais de maior uso.

Empregamos a plataforma de Xestión Administrativa de Educación (XADE) para as tarefas administrativas, EspazoAbalar para a comunicación coas familias e o Proxecto MEIGA para a xestión informatizada da biblioteca escolar á espera de migrar a KHOA. Para videoconferencias usamos a plataforma WEBEX xestionada pola Consellaría de Educación. A comunicación entre o profesorado realízase a través do correo corporativo e para aquelas comunicacións de carácter menos formal empregamos unha coñecida aplicación de mensaxería instantánea.

A xestión e mantemento do equipamento do centro realízana os membros do equipo de dinamización das TICs, a Unidade de Atención a Centros (UAC) e, cando non nos queda outra opción, empresas de informática de carácter privado.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Para a elaboración das debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades (DAFO) analizamos, entre outras fontes, os datos xerados pola ferramenta de autoavaliación SELFIE. O resumo das oito áreas que forman o informe SELFIE reflíctese na táboa que segue:

Valoracións comprendidas entre 1 (completamente en desacordo) e 5 (completamente de acordo)

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	4				
	Profesorado	3.4				
	Alumnado	n/d				
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3.6				
	Profesorado	3.1				
	Alumnado	3.3				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4.3				
	Profesorado	3.6				
	Alumnado	4				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4.4				
	Profesorado	3.8				
	Alumnado	n/d				
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4.3				
	Profesorado	3.8				
	Alumnado	n/d				
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3.9				
	Profesorado	2.9				
	Alumnado	3.6				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3				
	Profesorado	2.5				
	Alumnado	n/d				
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3.1				
	Profesorado	3.1				
	Alumnado	4.2				

Tamén tivemos en conta a información recollida no informe grupal do test de competencia dixital docente (TCDD). Entre os datos máis relevantes atópanse os que se mostran a continuación:

Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	13	14	92,9%
INTERINO	3	5	60%
OUTROS	3	3	100%
PROVISIONAL	0	3	0%
SUBSTITUTO	0	3	0%

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
68,4	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INFAN	69	Integrador/a (B1)	68,2	Integrador/a (B1)
PRIMA	67,6	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
Principiante (A1)	1	5,3%
Explorador/a (A2)	9	47,4%
Integrador/a (B1)	5	26,3%
Experto/a (B2)	4	21,1%
TOTAL	19	100,00%

2.3. Análise DAFO

A partir da análise do informe SELFIE, do TCDD, e doutras fontes como son o contacto diario coas familias, o traballo co alumnado ou as relacións con outras corporacións, afondamos no coñecemento da realidade dixital do noso centro destacando:

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Equipamento dixital suficiente e de utilidade para o desenvolvemento da ensinanza.	n/d
	PERSOAL DOCENTE	Alta porcentaxe do profesorado con destino definitivo no centro. Claustro heteroxéneo, unido e comprometido.	Baixa competencia dixital en parte do profesorado. Pouca iniciativa e interese en grande parte do profesorado por explorar novas formas de ensinanza e

		Parte do profesorado interesado, motivado e con habilidades e coñecementos relacionados coas novas tecnoloxías.	<p>aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.</p> <p>Uso moi reducido de tecnoloxías dixitais para a avaliación do alumnado, así como para a reflexión sobre a nosa propia práctica docente.</p> <p>Escaso emprego de contornas virtuais de ensinanza e aprendizaxe.</p> <p>Ausencia de traballo colaborativo e interdisciplinar entre o profesorado, entre o profesorado e o alumnado e o alumnado entre si.</p>
	PERSOAL NON DOCENTE	n/d	n/d
	ALUMNADO	n/d	Falta de desenvolvemento de destrezas no alumnado que lle permita actuar de xeito responsable, seguro e crítico cando emprega internet e medios dixitais.
	FAMILIAS	ANPA colaborativa e aberta a propostas.	n/d
	OFERTA	n/d	n/d
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Participación do centro en programas de innovación educativa.	n/d

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<p>Interese das institucións por impulsar o desenvolvemento dixital do profesorado e dos centros educativos.</p> <p>Actualización e mellora progresiva das contornas dixitais e do equipamento.</p> <p>Acceso a formación continua no relativo á ensinanza e aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.</p>	<p>Presión por traballar un excesivo número de contidos curriculares, na meirande parte pouco relacionados con habilidades ou destrezas dixitais.</p> <p>Falta de aplicacións e plataformas educativas corporativas, atractivas e intuitivas, que sirvan á comunidade educativa.</p> <p>Proporción alumnado/profesorado demasiado elevada.</p> <p>Exceso de tarefas administrativas e burocráticas, carentes de funcionalidade real e con nulo carácter pedagóxico.</p> <p>Incremento continuado da carga de traballo sobre o persoal docente.</p>
	LEXISLACIÓN	Marco estable que aporta continuidade e referencias comúns para todas as etapas educativas.	n/d
	CONTORNA	Alumnado nativo dixital, motivado e interesado polo uso das tecnoloxías e contornas dixitais.	<p>Parte do alumnado provén de contornas sociais desfavorecidas.</p> <p>Baixa competencia dixital por parte dalgunhas familias.</p> <p>Dificultade de certa parte do alumnado para acceder a dispositivos dixitais e a unha conexión a internet estable.</p>
	ANPA	n/d	n/d
	OUTRAS ENTIDADES	n/d	n/d

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

A continuación fanse explícitos os obxectivos que guiarán o desenvolvemento do plan dixital e as accións a desenvolver para a adquisición de ditos obxectivos.

Área/s de mellora: LIDERADO (A)						
OBXECTIVO 1:	Incrementar o uso da ferramenta AbalarPro como canle de comunicación principal entre o profesorado e as familias (A2)				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe do profesorado que se comunica coas familias empregando a aplicación AbalarPro (Instrumento: Enquisa)					
Valor de partida	Non aplica (sen datos previos)					
Valor previsto e data	75% do profesorado			01/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A01.1: Crear un grupo de traballo para afondar no coñecemento do programa AbalarPro	Equipo directivo	01/10/2022	Asesoramento por parte do CAFI sobre a creación e funcionamento dos grupo de traballo		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Promover entre o profesorado a posta en común de coñecementos e destrezas sobre o funcionamento e posibilidades de AbalarPro	Profesorado participante no grupo de traballo	01/12/2022	Sala de reunións Dispositivos móbiles		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3: Fomentar o uso de AbalarPro: mensaxería, xestión de titorías, incidencias, avisos a grupos, xestión de faltas, etcétera.	Todo o profesorado	01/06/2023	Dispositivos móbiles		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.4: Elaborar unha listaxe de suxestións e necesidades detectadas logo de usar AbalarPro e trasladarllas ao asesor Abalar da zona para futuras actualizacións da app	Coordinador TIC	01/06/2023	Sala de reunións Dispositivos móbiles		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: COLABORACIÓN E REDES (B)						
OBXECTIVO 2:	Aproveitar os foros da Aula virtual para promover debates entre o alumnado, nos cursos de 5ª e 6ª de Primaria (B2)				Acadado	
RESPONSABLE:	Persoa coordinadora de TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe de participación do alumnado de 5º e 6º de Primaria en debates na aula virtual (Instrumento: Rexistro de actividade do foro)					
Valor de partida	0% de participación do alumnado en foros de debate no curso 21/22					
Valor previsto e data	50% de participación do alumnado en foros de debate no curso 22/23			01/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A02.1: Adquirir os coñecementos necesarios para o desenvolvemento de foros na aula virtual do centro	Equipo TIC	01/11/2022	Cursos creados na aula virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.2: Crear foros de debate nos cursos de 5ª e 6º de Primaria	Persoas titoras das aulas de 5º e de 6º EP	01/12/2022	Foros de debate creados na aula virtual de cada curso		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.3: Traballar co alumnado o uso dos foros, as normas de "netiqueta" e os comportamento responsable na publicación de comentarios	Persoas titoras da aula de 5º e de 6º de Primaria	01/06/2023	Guía coas normas de "netiqueta"		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.4: Dinamizar a participación no foro	Persoas titoras das aulas de 5º e de 6º de Primaria	01/06/2023	Listaxe con temáticas axeitadas a cada idade e atractivas que promovan o debate		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO (D)						
OBXECTIVO 3:	Compartir entre o profesorado do propio centro experiencias relacionadas coa innovación educativa e dixital vividas en congresos, xornadas, obradoiros, cursos de formación e/ou aprendizaxes de carácter autodidacta (D3)				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de experiencias que se intercambiaron durante o curso (Instrumento: Memoria anual de TIC)					
Valor de partida	0 experiencias postas en común no curso 21/22					
Valor previsto e data	3 experiencias postas en común no curso 22/23			01/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1: Participar en congresos, xornadas, obradoiros e cursos de formación	CAFI	01/06/2023	Oferta de formación en innovación educativa e dixital ampla, variada e adaptada aos distintos niveis de competencia dixital docente		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Planificar e desenvolver intercambios de experiencias de innovación educativa e dixital entre o profesorado do centro	Equipo TIC	01/06/2023	Sala de reunións Dispositivos móbiles Tabletas dixitais		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Rexistrar as necesidades detectadas que, en certa forma, guiarán o itinerario formativo o curso seguinte	Todo o profesorado	01/06/2023	Sala de reunións Dispositivos móbiles Tabletas dixitais		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: PEDAGOXÍA: APOIO E RECURSOS (E)

OBXECTIVO 4:	Facer uso da mensaxería da aula virtual para ofrecer ao alumnado de 5º e 6º de Primaria unha canle de comunicación directa e máis persoal coas persoas titoras (E3)	Acadado	
RESPONSABLE:	Persoa coordinadora de TIC	Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe de comunicacións persoais do alumnado de 5º e 6º de Primaria a través da aula virtual coas súas persoas titoras (Instrumento: Rexistro de actividade do foro)		
Valor de partida	0% de participación do alumnado nalgunha comunicación coa persoa titora no curso 21/22		
Valor previsto e data	50% de participación do alumnado nalgunha comunicación coa persoa titora no curso 22/23	01/06/2023	

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A04.1: Adquirir os coñecementos necesarios para a utilización axeitada do sistema de mensaxería da aula virtual	Equipo TIC Persoas titoras de cada grupo	01/11/2022	Cursos creados na aula virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.2: Iniciar a comunicación por mensaxería co alumando cunha mensaxe de benvida/introdución	Persoas titoras de cada grupo	01/12/2022	Mensaxe de benvida/introdución		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: PEDAGOXÍA: IMPLEMENTACIÓN NA AULA (F)

OBXECTIVO 5:	Realizar actividades dixitais co alumnado de Educación Infantil e Educación Primaria utilizando os encerados e as tabletas dixitais (F1)	Acadado	
RESPONSABLE:	Persoas titoras de cada grupo	Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de actividades dixitais realizadas ao longo do curso (Instrumento: Rexistro por parte das persoas titoras das actividades levadas a cabo)		
Valor de partida	0 actividades realizadas durante o curso 21/22		
Valor previsto e data	3 actividades realizadas durante o curso 22/23	01/06/2023	

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO5.1: Crear actividades dixitais e/ou seleccionar actividades existentes relacionadas cos proxectos anuais	Equipo TIC, Equipo de Educación Infantil e Educación Primaria	01/06/2023	Sala de reunións Encerados dixitais Tabletas dixitais		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.2: Desenvolver as actividades propostas para cada proxecto trimestral	Equipo TIC Persoas titoras de cada grupo	01/12/2022	Sala de reunións Dispositivos móbiles		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.3: Crear un banco de recursos coas actividades dixitais realizadas, logo de avaliar a súa utilidade e adecuación	Equipo de Educación Infantil e Educación Primaria	01/06/2023	Sala de reunións Aula virtual do centro		Realizada	
					Realizada	
					Pendente	

Área/s de mellora: COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNADO (H)

OBXECTIVO 6:	Dotar ao alumnado de 4º, 5º e 6º de Educación Primaria de estratexias e criterios que lle axuden a analizar a fiabilidade e a veracidade da información (H5)		Acadado			
RESPONSABLE:	Persoas titoras de cada grupo		Non acadado			
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de sesións lectivas dedicadas a analizar a fiabilidade e a veracidade da información (Instrumento: Rexistro por parte das persoas titoras das sesións levadas a cabo)					
Valor de partida	0 sesións realizadas durante o curso 21/22					
Valor previsto e data	3 sesións realizadas durante o curso 22/23		01/06/2023			
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO6.1: Elaborar unha rúbrica que axude ao alumnado a analizar a información	Equipo TIC Persoas titoras de cada grupo	01/12/2022	Sala de reunións Dispositivos móbiles		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.2: Diseñar tres retos de dificultade crecente con información fiable e non fiable, de diferentes páxinas e medios.	Equipo TIC Persoas titoras de cada grupo	01/12/2022	Sala de reunións Dispositivos móbiles Tabletas dixitais		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.3: Desenvolver co grupo clase os retos propostos para que o alumnado, axudado pola rúbrica, analicen a información e sexan quen de identificar a veracidade dos textos propostos	Persoas titoras de cada grupo	01/06/2023	Aula de informática Tabletas dixitais		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Necesitamos seis encerados dixitais interactivos: catro para as titorías de Primaria que carecen del (3º, 4ºA, 4ºB e 6ºB) e dúas para as titorías de Infantil (4º e 5º) que non funcionan. Tamén necesitamos nove tabletas dixitais para poder deseñar e desenvolver as actividades co alumando de Educación Infantil e de Educación Primaria encamiñadas á consecución dos obxectivos 5 e 6. Estes equipos tamén se utilizarán nas actividades de posta en común de experiencias e deseño de actividades por parte do profesorado descritas no plan de acción do obxectivo 3.

4. Avaliación do plan

Con carácter trimestral faremos un seguimento das accións previstas a desenvolver en cada período, reflexionando sobre o que estivo ben e o que é preciso mellorar, analizando os resultados obtidos e en que medida estes contribúen á consecución dos obxectivos propostos.

Ao remate de cada curso, partindo das conclusións ás que chegamos nas avaliacións procesuais de cada trimestre, terá lugar unha avaliación final na que valoraremos se alcanzamos ou non os obxectivos que nos marcamos, que explica os resultados obtidos e esbozaremos as seguintes liñas de actuación que guiarán as futuras versións do Plan Dixital.

5. Difusión do plan

Logo de informar ao Claustro e da aprobación por parte do Consello Escolar, o Plan Dixital publicarase na páxina web do centro coa fin de darlle publicidade e difundilo entre toda a comunidade educativa.